



**CONVOCATORIA E BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA A PROVISIÓN, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, DE CATRO PEÓNS PARA CUADRILLA DE LIMPEZA DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS. CONTRATACIÓN A XORNADA PARCIAL DURANTE TRES MESES (PEL CONCELLOS 2023).**

### **1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

É obxecto desta convocatoria a provisión, mediante o sistema de oposición, en réxime de dereito laboral temporal, de **CATRO postos de traballo de peón para cuadrilla de limpeza** do Concello de Cabana de Bergantiños durante 3 meses.

Tendo en conta as Bases do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia, anualidade 2023, publicado no BOP núm. 13 do 19/01/2023 poderán participar nesta selección persoas que estén comprendidas en situacións de exclusión laboral e desempregados.

### **2.- TIPO DE CONTRATO E DURACIÓN**

Os contratos laborais que se realizarán coas persoas seleccionadas, de conformidade co disposto na Base 4.3do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, anualidade 2023 será o de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral ( contratos vinculados a programas de activación para o emprego, Disposición Adicional Novena da Lei 3/2023, de 28 de febreiro)

As persoas a contratar deben estar en **situación de desemprego**.

### **3.- CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO**

- Número de postos de traballo: 4 (CATRO).
  - Clase: persoal laboral temporal
  - Xornada: 25 horas semanais.
  - Nivel de titulación mínimo esixido: Sen requisito de titulación.
  - Denominación do posto: peón de limpeza
  - Funcións: limpeza de vías públicas e acceso aos núcleos de poboación
  - Categoría: Peón ( grupo de cotización nº 10).
  - Retribucións brutas: 787,50 €/mes (675,00 € salario +112,50 € en concepto de prorrata de paga extraordinaria).
  - Duración do contrato: 3 meses.
- Código de contrato:505

### **4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES**

4.1.Para tomar parte no proceso selectivo, os e as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias:

a) Ser español ou española ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou cónxuxe dun ou dunha español ou nacional de algún estado membro da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinteún anos ou maiores de dita idade dependentes. Tamén

nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores ou traballadoras. Demais estranxeiros ou estranxeiras residentes legalmente en territorio español de acordo ó establecido na Lei orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas atribuídas ó posto de traballo.

c) Ter cumpridos os dezaoto (18) anos de idade e non ter acadado a idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado ou separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No suposto de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, non seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

e) Non estar afectado ou afectada por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

f) Acreditar estar nalgunha das situacións de **exclusión laboral**, que son as seguintes:

❖ **Mulleres**, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.

❖ **Maiores de 45 anos.**

❖ **Maiores de 45 anos.**

❖ **Persoas con discapacidade:** aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%. Deberase aportar certificado médico que acredite esta circunstancia.

❖ Persoas desfavorecidas que estean nalgunha das seguintes situacións: drogodependencia (aportarse informe médico), vivir nun fogar onde ninguén teña emprego (aportarse informe de convivencia e informe de periodos de inscrición no Servizo Público de Emprego actualizado de todas as persoas que convivan no fogar en idade laboral), persoas sen fogar (informe policial), persoas con fogar monoparental aportarse informe de convivencia e informe de periodos de inscrición no Servizo Público de Emprego actualizado de todas as persoas que convivan no fogar en idade laboral) e persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais (informe dos servizos sociais municipais).

❖ **Parados de longa duración.** Para os efectos deste programa consideraranse como parados de longa duración aquelas persoas que leven o mínimo dun ano inscritos como demandantes de emprego. Aportarse informe de periodos de inscrición no Servizo Público de Emprego actualizado de todas as persoas que convivan no fogar en idade laboral)

❖ **Persoas vítimas de violencia de xénero** (aportarse a resolución xudicial).

❖ **Persoas sen fogar** (aportarse informe policial e de servizos sociais).

g) Os aspirantes deben posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

**h) Ser demandante de emprego:** Aportarse informe de periodos de inscrición do Servizo Público de Emprego actualizado.

As persoas a contratar deben estar en **situación de desemprego**.

4.2. Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes no día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, polo menos ata a data do seu nomeamento como persoal laboral, no seu caso.

4.3. Os aspirantes con discapacidade poderán solicitar as necesidades específicas de adaptación e axuste de tempo e de medios que considere oportunas para participar nas probas selectivas en condicións de igualdade. Para iso farán constar na solicitude o seu tipo de discapacidade e as posibles adaptacións que



precisen para participar nas probas selectivas. A adaptación non se outorgará de forma automática, senón unicamente naqueles casos en que a discapacidade garde relación directa coa proba a realizar. Para a súa valoración o Tribunal poderá pedir a documentación acreditativa do grao de discapacidade e as solicitudes serán resoltas polo Alcalde.

## 5.- PUBLICIDADE

O anuncio de convocatoria será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP), e no taboleiro de anuncios da sede electrónica deste Concello (<https://sede.cabana.gal>), sen prexuízo de que se proceda a súa difusión por outros medios.

Todas as demais resolucións que se produzan no expediente, serán publicadas a través da sede electrónica do Concello: <https://sede.cabana.gal>

## 6.SOLICITUDES

1.-As solicitudes para participar no proceso selectivo axustaranse ao modelo que figura no Anexo I desta convocatoria, e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello ( dirección:A Carballa s/n, Cesullas, 15115 Cabana de Bergantiños) ou a través de sede electrónica no prazo de **4 días hábiles**, contados dende o seguinte ó da publicación da convocatoria no BOP da Coruña.

As instancias tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015.

Se a solicitude non se presenta no Rexistro do Concello de Cabana de Bergantiños nin en sede electrónica (correos, outro rexistro) deberá remitir ao fax do concello 981754020, ou ben por correo electrónico (cabana@cabana.gal), **UNHA COPIA DA SOLICITUDE (ANEXO I)**, antes da data de expiración do prazo de presentación de solicitudes.

Na data de presentación de solicitudes, os e as candidatos/as deberán reunir todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que figuren na solicitude e unicamente poderán modificalos no prazo de presentación de instancias.

As instancias dirixiranse ao alcalde do Concello de Cabana de Bergantiños e deberá ir inexcusablemente acompañada da seguinte documentación en orixinal, fotocopia ou copia electrónica debidamente autenticada:

- a) Documento Nacional de Identidade, ou resguardo do mesmo, pasaporte ou carné de conducir. No suposto de nacionais doutros estados, pasaporte ou documento válido de viaxe que acredite a súa identidade e o visado correspondente, de se este esixible, e no seu caso o permiso de residencia en vigor.
- b) De ser o caso, certificación da condición de discapacitado e grao de minusvalía.
- c) Solicitude de adaptación das probas por motivos de discapacidade
- d) Documentación que acredite que se atopa nunha situación de exclusión laboral segundo a cláusula 4 destas bases.
- e) Celga 1 ou equivalente
- f) Acreditación da situación de desempregado aportando un informe actualizado de periodos de inscrición do Servizo Público de Emprego.



Finalizado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación aprobará a **lista** provisional de admitidos/as e excluídos/as, especificando, no seu caso, os motivos da exclusión, o que será exposto no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica (<https://sede.cabana.gal>). Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **1 día hábil** contado a partir do seguinte ao da publicación para poder emendar, no seu caso o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamación, ditarase nova resolución estimándoas ou desestimándoas o que se fará público, igualmente no Taboleiro de Anuncios da sede do concello (<https://sede.cabana.gal>) no prazo de 2 días hábiles do remate do prazo anterior. O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza os interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado os cales deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen a proba selectiva.

## 7.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN

O Tribunal encargado da cualificación das probas e da supervisión do proceso designarase conforme ao estipulado no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e 4.e) e f) do Real decreto 896/1991, de 7 de xuño.

Tódolos e tódalas vogais deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior ás esixidas para o acceso á praza convocada.

O Presidente do Tribunal poderá dispoñer a incorporación ao Tribunal doutros ou doutras asesores especialistas para as probas que consideren pertinentes, limitándose estes ou estas a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, e actuando con voz pero sen voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándolle á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 e 24 da Lei 40/2015, ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria. O presidente poderá esixir dos membros do tribunal declaración expresa de non estar incurso nas circunstancias establecidas nos citados. Así mesmo, os e as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as devanditas circunstancias, segundo o disposto nos artigos citados.

O Tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, e resultando, en todo caso, imprescindible a asistencia do Presidente e da Secretaría.

O Tribunal poderá adoptar as medidas precisas naqueles casos nos que resulte necesario, para que os e as aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións ás do resto dos demais aspirantes.

As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do Presidente.

Os membros do Tribunal, titulares ou suplentes, que actúen nestas probas percibirán as gratificacións correspondentes segundo o disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, cando as probas se desenvolvan íntegramente fóra da xornada de traballo habitual.

## 8.- SISTEMA E CRITERIOS DE SELECCIÓN:

O procedemento empregado para a selección dos e das candidatos/as, será o de concurso- oposición, consistente en:



**Fase de concurso:** (puntuación máxima: **4 puntos**). Por ter acabado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións públicas, do seguinte xeito:

- de ata 20 horas de duración (ou sen especificar a duración): 0.50 puntos.
- de 21 horas a 40 horas de duración: 1 punto
- de 51 horas a 80 horas de duración: 2 puntos.
- de 81 horas a 100 horas de duración: 3 puntos.
- de 101 horas en diante: 4 puntos.

**Fase de oposición:** (Puntuación máxima: **6 puntos**)

Constará de dous exercizos.

En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade. Os candidatos deberán acudir provistos do DNI, ou no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir.

**Primer exercizo: Proba práctica.**

Consistirá no desenvolvemento dunha proba práctica determinada polo Tribunal de selección, de duración máxima de dez minutos, que estará relacionada co posto de traballo a cubrir e funcións a desenvolver, concretamente co manexo de utensilios e maquinaria de obras dacordo ao esixible a un peón de limpeza e medidas de seguridade.

Este exercizo ten o carácter de eliminatorio, de modo que non poderán pasar os aspirantes que non alcanzaran a cualificación mínima esixida ( 3 puntos).

**Segundo exercizo:** Coñecemento da lingua galega.

Aqueles aspirantes que non presenten certificado que acredite o coñecemento do idioma galego mediante a presentación do correspondente certificado ou título ( Celga 1 ou título de galego equivalente), terán que realizar unha proba de galego que consistirá nun exercicio escrito tipo test de 10 preguntas. Este exercicio puntuarase como apto ou non apto. As persoas que acaden a puntuación de non apto, serán excluídos.

## 9.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN E NOMEAMENTO

Concluído o procedemento selectivo, o Tribunal realizará unha proposta de nomeamento a favor daqueles candidatos ou candidatas que obtiveran a maior puntuación no exercicio práctico, detallando a puntuación obtida en orde decrecente, e será elevada ao alcalde aos efectos de proceder aos nomeamentos e á correspondente formalización dos contratos de traballo.

En caso de empate nas puntuacións de dous ou máis candidatos, o Tribunal resolverá a favor daquel/a candidato/a de máis longa duración como desempregado.

A resolución nomeando aos candidatos e candidatas seleccionados será obxecto de publicación mediante anuncio inserido no Taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Concederáse un prazo de dous días hábiles dende a resolución de nomeamento para que os candidatos presenten:

- Declaración responsable, asinada pola ou polo aspirante, de non encontrarse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente e nin ter sido separada/o do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme.
- Informe médico actualizado na que se faga constar expresamente que a ou o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para o desempeño do posto de traballo, supeditando en todo caso, a firma do contrato e a incorporación ao posto de traballo, á presentación de dita documentación correctamente.



- Copia compulsada co número de afiliación á Seguridade Social ou tarxeta sanitaria do servizo público de saúde.

En tanto non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, a persoa seleccionada non terá dereito a prestación económica algunha.

## 10. FORMACIÓN DUNHA LISTA DE SUBSTITUCIÓN

Durante a presente anualidade, no caso de que por algunha circunstancia o servizo non estivera cuberto, o Concello poderá utilizar unha lista de substitución cos aspirantes aprobados, que non teñan renunciado ó contrato, segundo os apartados anteriores, e o orde será segundo a puntuación obtida, para contratacións laborais temporais de acordo coas seguintes normas:

a) Os chamamentos aos/ás aspirantes.

Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción.

Nos supostos nos que a necesidade de cobertura do posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente. Neste suposto, o/a empregada/o público/a que as realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron ou non resposta.

b) Situación na lista de substitución.

Os/as integrantes da lista de substitución que, sendo convocados/as para facer efectiva a contratación ou nomeamento, non se presentaran ou renunciaran a esta sen xustificación suficiente, perderán os seus dereitos quedando excluídos/as da lista. A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo. Se a causa é xustificada, pasarán a ocupar o derradeiro posto na lista de substitución.

c) Nomeamentos e cesamentos.

Unha vez comparecera o/a aspirante chamado/a segundo a orde da lista de substitución, o Sr. Alcalde por Resolución procederá a súa contratación para o desempeño do posto de traballo correspondente. O cesamento producirase polo transcurso do prazo ou causa da contratación prevista ou por Resolución da Alcaldía de conformidade co establecido na lexislación vixente.

d) Extinción da lista de substitución.

A lista de substitución formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan estas bases extinguirase en todo caso o 31/12/2023.

## 11. NORMATIVA APLICABLE E RÉXIME DE RECURSOS

O procedemento regularase polo previsto nas presentes bases e o non previsto nelas polo establecido nas seguintes disposicións:

- Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP)
- Texto Refundido da Lei do estatuto básico dos traballadores.(RDL 2/2015)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local.
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia



Tanto a convocatoria como as bases e demais actos administrativos que se deriven poderán ser impugnados nos casos e nas formas previstos na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común:

-Recurso de reposición potestativo no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña da Resolución de Alcaldía aprobando as bases e a convocatoria.

-Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña da Resolución de Alcaldía aprobando as bases e a convocatoria; ou si se interpón recurso de reposición no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación da resolución do recurso.

*En Cabana de Bergatiños, coa data da sinatura dixital.*

*O alcalde. José Muíño Domínguez.*